

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "EN-RED-ARTE"

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Anxo Antón Queiruga Vila, na súa condición de presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade "COGAMI" (CIF G32115941) actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Entre os seus obxectivos atópase tamén:



Facilitar a formación de cidadáns activos en relación coa práctica e o consumo cultural ampliando a experiencia cotiá das persoas con discapacidade, favorecendo a colaboración entre profesionais do eido da discapacidade e artistas.

Sensibilizar a opinión pública e ás persoas con discapacidade de que poden desempeñar un papel activo na sociedade, poñendo a énfase nas súas capacidades en lugar de situalo sobre as súas limitacións.

Traballar coas persoas con discapacidade que participen nos obradoiros culturais, aproveitando o traballo en equipo e as actividades artísticas, para facilitarlles o crecemento persoal e o descubrimento das capacidades necesarias para superar as dificultades de inclusión, tanto nesta experiencia coma na vida cotiá.

É obxecto deste convenio de colaboración a realización do proxecto denominado "En-Red-Arte" que ten como fins proporcionar as persoas con discapacidade a posibilidade de vivir experiencias culturais que teña unha incidencia positiva no seu aprendizaxe e que lles permitan desenvolver a súa curiosidade, a formación do gusto, o seu sentido estético e crítico, así como contribuir ao desenvolvemento por parte das persoas con discapacidade do hábito de frecuentar actividades e eventos culturais, derrubar barreiras mentais, romper conceptos autolimitantes da actividade cultural e estimular a capacidade de superación persoal entre outras.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade – COGAMI para a realización do proxecto "EN-RED-ARTE"

Orzamento total de gastos do proxecto: 25.000 €

Actuacións:

ARTES ESCÉNICAS



As artes escénicas son aquelas que están pensadas para ser interpretadas fronte a un público. Xoga especial importancia o espazo no que se desenvolve a actividade e os corpos das persoas que a realizan. Trátase dun tipo de arte efémero que ocorre nun tempo e nun lugar determinado e que non volve a repetirse do mesmo xeito.

Plantéxanse dentro deste bloque as seguintes actividades:

- EXPRESIÓN CORPORAL

Esta disciplina permite a comunicación e a expresión das emocións a través da linguaxe corporal. A expresión corporal abarca un conxunto de comportamentos e xestos, conscientes ou inconscientes, que permiten expresar situacións emocionais e psíquicas. Consiste en comunicar a través do corpo e do movemento do mesmo.

- TEATRO RADIOFÓNICO

Aqueles relatos que non conteñen imaxes visuais supoñen un aliciente para o fomento da imaxinación. Neste caso, o teatro radiofónico consiste na retransmisión dunha obra teatral unicamente a través do son. Dentro deste proceso conflúen pois varias canles de creación: por unha parte, a da persoa que compón e relata a historia e por outra a da persoa que a escoita xa que o teatro radiofónico implica unha audiencia activa e creativa. Isto supón a configuración dun espazo de creación, produción, comprensión e imaxinación. Así mesmo, tamén incide na mellora da comunicación verbal e/ou a través do son.

OBRADOIRO DE ESCRITURA CREATIVA E CONCURSO DE RELATOS

Dado que as potenciais persoas participantes nos obradoiros do proxecto veñen de realizar obradoiros de escritura creativa a través dos cales puideron adquirir e desenvolver unha disciplina de creación e reflexión que lles aporta a capacidade de expresar ideas e sentimentos a través da palabra, exponse este obradoiro que consistirá na creación, por parte das persoas con discapacidade que acoden aos centros de recursos ou ás aulas de educación de persoas adultas da entidade ou de asociacións membro, dos seus propios relatos de xeito individual a través da guía da persoa profesional encargada do obradoiro.

Posteriormente, estas serán lidas e analizadas por parte de todas as persoas que participan na elaboración co fin de realizar un concurso de relatos no que as persoas usuarias funcionarán como xurado. Así mesmo, realizarase a publicación de ata 100 exemplares das escritas realizadas.



O obxectivo principal desta actividade é, ademais de potenciar a creatividade e a expresión, fomentar o espírito crítico e a capacidade de toma de decisións a través dun proceso reflexivo.

OBRADOIROS DE CREACIÓN ARTÍSTICA

- CERÁMICA

O ceramista Enric Mestre define a arte da cerámica como “o manexo do barro para transformalo en ideas e en expresión que o artista quere que teña a súa obra. A maxia é transformar un material simple, sinxelo, en algo imperecedoiro”.

Neste manexo do barro trabállase a sensibilidade a través do traballo coa motricidade fina xa que o moldeado do mesmo se leva a cabo coas extremidades anteriores. Trátase de unha actividade artística pero que funciona, a un tempo, como actividade terapéutica xa que a realización de movementos voluntarios con mans e dedos require a activación de músculos, osos e nervios para desenvolver unha gran coordinación. Ademais dos beneficios físicos tamén presenta notables beneficios para a mente xa que se trata dunha actividade que potencia a relaxación e a concentración porque require á persoa estar moi inmersa no proceso de creación.

- TALLA DE CRISTAL

O tallado de cristal é unha técnica que se remonta ao antigo Exipto e que consiste na realización de debuxos sobre unha peza de vidro. Existen diferentes técnicas para a realización deste tipo de actividade.

- TALLER DE PLANTAS E FLORES SECAS

O traballo con plantas e flores sempre resultou ser unha tarefa que reporta benestar ao tratarse de elementos naturais que transmiten olores e cores que supoñen un estímulo para os sentidos. O traballo con estes elementos pode facerse con eles directamente extraídos da natureza e que sexan efémeros ou sometelos a un proceso de secado para que se manteñan no tempo e empregalas logo para facer marca páxinas, calendarios, portadas de libretas e axendas, etc.

O proceso de secado pasa primeiro pola recollida e selección das plantas e flores o que supón o contacto directo coa natureza e co entorno. Posteriormente son varias as técnicas a empregar: prensado, secado ao aire, secado en forno, secado con diséccante.



Coas plantas ou flores secas poderánse elaborar herbarios, ramos/centros ou obxectos artísticos preservados, estampaxes, etc.

Esta actividade vai a permitir o contacto con elementos da natureza, o adestramento de habilidades como a paciencia e a concentración, así como da psicomotricidade fina.

- ESTAMPAXE

A estampaxe pódese realizar sobre diversas superficies (tea, papel...), e con diferentes técnicas e materiais. Así esta actividade incluírá a decoración de teas ou doutras superficies escollidas empregando diferentes técnicas, como cinotipia, serigrafía ou transfer a través de selos entre outras.

É así que o obxectivo principal deste bloque de actividades é favorecer a estimulación física e adestrar estados mentais como a relaxación e a concentración a través da creación artística e manual.

ORZAMENTO EN-RED-ARTE

Orzamento de actividades	de gastos por N.º obradoiros/centros	de N.º de obradoiros/c por sesión	Prezo/sesión	Total IVE INC.
Obradoiros artísticos e de escrita creativa	14	20	75,00 €	21.000,00 €
Axudas de custo do persoal afecto ao programa				1.500,00 €
Gastos de difusión/organización e xestión do programa e publicación				2.500,00 €
Total				25.000,00 €

Orzamento anualidade 2025	N.º de obradoiros/centros	de N.º de obradoiros/c por sesión	Prezo/sesión	Total IVE INC.
Obradoiros artísticos e de escrita creativa	5	20	75,00 €	7.500,00 €
Gastos de desprazamento (kilometraxe ou transporte adaptado)				300,00 €
Total				7.800,00 €



Orzamento anualidade 2026	N.º obradoiros/c entros	deN.º por obradoiro	sesións Prezo/ sesión	Total IVE INC.
Obradoiros artísticos e de escrita creativa	9	20	75,00 €	13.500,00 €
Axudas de custo do persoal afecto ao programa				1.200,00 €
Gastos de difusión/organización e xestión do programa e publicación				2.500,00 €
Total				17.200,00 €

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representan estas actividades culturais para as persoas con discapacidade residentes na Comunidade Autónoma Galega.

Por todo o anterior é a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

COGAMI deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



COGAMI ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

COGAMI deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

COGAMI comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade a cantidade de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.481.2, código de proxecto 2015 00372 e coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2025 : 7.800 €

Anualidade 2026: 17.200 €

Esta cantidade, 25.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público



unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de cada anualidade.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Cogami presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Nesta memoria deberase indicar o número de actividades realizadas e o impacto desta oferta cultural entre o público. Indicar número de asistentes



- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.



De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que Cogami non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta

Cogami poderá solicitar pagos anticipados de acordo co disposto no artigo 63.1.1 do Regulamento de subvencións de Galicia, ata un importe máximo de 15.100 € e sen que supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

No caso de que Cogami solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

Cogami tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións de Galicia, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se preveza a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4.f) do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro; o apartado 4.h) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando sexan entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social ou cooperación internacional.



SEXTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e polo presidente de Cogami.

SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, Cogami acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexitimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude e O presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

José Carlos López Campos

Anxo Antón Queiruga Vila

